




Área / Unidad EDUCACION ED0000 AJP	Documento 23612I00TZ	
Código de verificación  3K27 6Q37 5X0E 401C 181W	Expediente 236/2018/52	
	Fecha 15-05-2018	
Asunto Acta da publicación das listaxes provisionais de selección do programa Idiomas do Mundo 2018	Interesado	

Acta da reunión da comisión de valoración do programa “Idiomas do mundo 2018” para a publicación das listaxes provisionais de selección.

Lugar: Sede do Servizo Municipal de Educación sita en avenida da Mariña, 18-2ª planta.

Data: 15 de maio de 2018

Hora de comezo: 8.30 h. Hora de finalización: 9.30 h

Asistentes:

D^a. Silvia Cameán Calvete (concelleira de Xustiza Social e Coidados). Presidenta

D. Belisario Sixto San José (xefe de servizo de Educación). Vogal

D^a Susana Vara Bilbao (xefa de departamento de Educación). Vogal

D^a. Ana M^a Judel Prieto (técnica de Educación). Secretaria

ORDEN DO DÍA

1º.- Avaliación das solicitudes presentadas para participar no programa “IDIOMAS DO MUNDO 2018”.

As solicitudes presentadas foron 80; poren presentáronse 98 fichas de solicitude na aplicación informática da web.

As 18 persoas que cubriron a ficha específica “en liña” cos ID do xustificante nº: 14, 19, 20, 25, 26, 32, 37, 38, 39, 58, 64, 65, 72, 81, 83, 84, 94 e 100, non entraron no proceso de selección por non ter presentado a solicitude por rexistro (segundo a cláusula 33ª das bases).

Trala comprobación da documentación presentada e as oportunas deliberacións e tendo en conta as bases do programa, aprobadas por resolución da concelleira de Xustiza Social e Coidados o 23 de febreiro de 2018, a Comisión de Valoración adopta por unanimidade os seguintes

ACORDOS:

1. Excluir 7 solicitudes por non cumprir algún dos requisitos establecidos nas bases tal e como se reflicte a continuación:
 - Excluir as solicitudes con ID nº 3, 8, 16, 17, 60, 82 por non cumprir a cláusula 21ª das bases, segundo a cal é necesario obter en 3º ou 4º da ESO unha calificación media de 6,5 puntos.
 - Excluir a solicitude con ID nº 99 por presentar a documentación fora de prazo.

2. Admitir 73 solicitudes, das que 66 non participaron o curso pasado e 7 si participaron.

A distribución en función do idioma seleccionado foi a seguinte: alemán 9 (2 de 1ª opción, 2 en 2ª opción, 1 en 3ª opción e 4 en 4ª opción), francés 39 (16 en 1ª opción, 20 en 2ª opción e 3 en 3ª opción), inglés 65 (49 en 1ª opción, 11 en 2ª opción e 5 en 3ª opción) e portugués 35 (6 de 1ª opción, 14 en 2ª opción, 13 en 3ª opción e 2 en 4ª opción)

3. Admitir a renuncia presentada o día 11.05.2018 da solicitude con ID nº 45 (1ª opción de inglés e 2ª de alemán).
4. No idioma **alemán**, das 8 solicitudes: rexeitar 6 solicitudes por non ter nota de alemán no curso actual e e baremar ao/a solicitante que xa participou no programa o ano pasado en último lugar (segundo a cláusula 43ª das bases)
5. No idioma **francés** das 39 solicitudes: rexeitar 3 solicitudes por non ter nota de francés no curso actual e baremar aos/as 7 solicitantes que xa participaron no programa o ano pasado en último lugar (segundo a cláusula 43ª, xa mencionada).
6. No idioma **inglés** das 64 solicitudes: rexeitar 2 solicitudes por non ter nota de inglés de 7 puntos ou superior a no curso actual (segundo a cláusula 22ª) e baremar aos/as 6 solicitantes que xa participaron no programa o ano pasado en último lugar (segundo a cláusula 43, xa mencionada).
7. No idioma **portugués** das 35 solicitudes: rexeitar 2 solicitudes por non ter nota de galego de 7 puntos ou superior no curso actual (segundo a cláusula 22ª) e baremar aos/as 4 solicitantes que xa participaron no programa o ano pasado en último lugar (segundo a cláusula 43, xa mencionada).
8. Elaborar e aprobar a relación provisional de persoas excluídas (composta por 25 rexistros) co motivo de exclusión (achégase documento adxunto).
9. Elaborar e aprobar as relacións provisionais por idiomas das persoas admitidas, en listaxe de agarda e excluídas, coa baremación desagregada (achéganse documentos adxuntos), según os criterios sinalado na cláusulas da 38ª á 43ª.
10. Despois de rematado o proceso de baremación, quedan vacantes 5 prazas de portugués y 1 de alemán. Por elo, e segundo a cláusula 42 das bases, despois da publicación das listaxes definitivas ofertanse as 6 prazas vacantes ás persoas solicitantes de outros idiomas que non foran asignadas, sempre que cumpran os requisitos para ese idioma.
11. Abrir un prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da devandita publicación, co fin de que os interesados aleguen o que estimen oportuno en defensa dos seus dereitos, emenden as faltas ou acompañen os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixeren, teráselles (no caso de que corresponda) por desistidos da súa petición.

A comisión de valoración do programa “Idiomas no mundo 2018”

A Coruña, 15 de maio de 2018